

Tema 2

As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812



A promulgación da Constitución de 1812 (Salvador Viniegra)

A pasividade das autoridades establecidas ante as abdicacións de Baiona e a invasión das tropas francesas provocou que as elites dominantes, co apoio do pobo, creasen novas institucións de goberno –as xuntas– que se encargaron non só da loita contra o francés senón de propugnar medidas para reformar o sistema político vixente.

A formación das Xuntas de Goberno

En maio e xuño de 1808, numerosas vilas e cidades formaron Xuntas de Goberno. De composición moi variada e, en moitos casos, controladas polos grupos dominantes tradicionais, estas xuntas representaron unha ruptura coa orde política ata entón vixente e unha nova concepción do poder que podemos considerar revolucionaria. Fundamentando a súa lexitimidade na vontade popular e colectiva de defensa do país, as xuntas asumiron o poder supremo e a soberanía na súa xurisdición, substituíron ou incorporaron as institucións e as autoridades tradicionais e declararon a guerra a Francia. En cada poboación xurdiu unha xunta local e todas elas estiveron baixo a autoridade dun número reducido de xuntas supremas provinciais.



En Galicia, a sublevación contra os franceses iniciouse na cidade da Coruña o 30 de maio. Os sublevados formaron a Xunta Suprema do Reino, da que formaba parte o Capitán Xeneral e representantes das sete cidades cabeza das tradicionais provincias galegas. Esta Xunta Suprema asumiu a soberanía, organizou a defensa e coordinou o labor das xuntas locais que se crearon nas diferentes cidades e vilas galegas.

Galegos: chorastes a sorte do voso amable Fernando; arde nos vosos corazóns o horror á perfidia coa que foi seducido, temedes pola vosa sagrada relixión, (...) mirades xa na vosa imaxinación profanados os altares (...). Chegou o caso: o voso reino (...) resumiu a autoridade soberana, que en tales circunstancias lle compete por dereito, e fai dela o primeiro exercicio, condescendendo aos vosos desexos tan ruidosamente declarados. Tedes xa caudillo; tómanse as decisións máis vigorosas; correde pois ás armas, vamos defender a causa de Deus, o honor da nosa Patria, as nosas vidas e facendas (...). Galegos: alistádevos de dez a corenta anos, pois mellor é morrer pola vosa relixión e os vosos fogares e a vosa Patria, que ir cegos ao matadoiro por satisfacer unha ambición desmesurada. XUNTA SUPREMA DO REINO DE GALICIA. Proclama. 5-6-1808 [castelán]

Para maior coordinación, as xuntas provinciais formaron a Xunta Suprema Central Governativa de España e Indias que exerceu o goberno de España desde setembro de 1808. A partir de xaneiro de 1810 foi substituída polo Supremo Consello de Rexencia.

As Cortes de Cádiz e a abolición do Antigo Réxime

Durante a guerra, entre as elites dirixentes foise estendendo a idea da necesidade de convocar unhas Cortes xerais e extraordinarias para coñecer a vontade do país e impoñer as reformas que fosen necesarias, aínda que existían fortes discrepancias sobre as medidas a tomar. Para uns, a maioría dos nobres e eclesiásticos, tratábase de restablecer o sistema político tradicional (poder absoluto do rei auxiliado polas Cortes estamentais). Para outros, os partidarios do liberalismo, era necesario realizar grandes cambios e transformacións, restrinxir o poder real e establecer unha Constitución baseada na soberanía da nación e na separación de poderes.

Tras realizar unha consulta ao país para coñecer os problemas e as medidas sobre as que debían deliberar, e dun proceso electoral moi complexo, as Cortes reuníronse en Cádiz o 24 de setembro de 1810. En liñas xerais, predominaron os deputados das clases medias urbanas e instruídas; o grupo maioritario estivo constituído polos eclesiásticos, seguido dos avogados, xente da administración e militares; foron escasos os comerciantes, así como as altas xerarquías eclesiásticas e a nobreza, e non asistiu ningún artesán nin campesiño. En canto ás tendencias ideolóxicas, pódense agrupar en dúas predominantes e antagónicas: os partidarios da liberdade e das reformas radicais –liberais– e os que se opoñían a eles, partidarios do mantemento da soberanía real –realistas, absolutistas– (ou servís, de ser vil como, de forma pexorativa, foron denominados polos seus contrarios).

	<i>Antiguo Régimen</i>	<i>Constitución de Cádiz</i>
<i>Reunión de Cortes</i>	Reunión en tres cámaras separadas, una por cada estamento.	Unicameral, voto individual de los diputados.
<i>Soberanía</i>	El rey	Nacional (sufragio censitario)
<i>Ciudadano</i>	Súbditos, derechos privilegiados o no según al grupo al que se pertenece: estamentos, territorio foral,...	Igualdad ante la ley. Amplia declaración de derechos individuales : ciudadanos.
<i>Separación de poderes</i>	Todo el poder es del rey y proviene de él (sólo lo delega)	División en ejecutivo, legislativo y judicial.
<i>Poderes del rey</i>	Todo el poder.	Ejecutivo, propone leyes a las Cortes, veto suspensivo.
<i>Poderes de las Cortes</i>	Escasos: se reúnen a voluntad del rey y no tienen poder legislativo.	Poder legislativo, reunión sin convocatoria del rey. Diputación permanente cuando no está reunida.
<i>voto</i>	Por cada estamento.	Universal masculino (mayores de 25) e indirecto.
<i>Poder judicial</i>	Bajo las órdenes y control del rey. Tribunales especiales para cada estamento.	Independiente.
<i>Gobierno de provincias y ayuntamientos</i>	Alcaldes bajo la dirección del rey. Sistemas forales,...	Carácter electivo de los ayuntamientos. Igualdad entre las provincias.
<i>Impuestos</i>	Los privilegiados no pagan. Diferencias fiscales en los distintos territorios.	Igualdad fiscal, fin de las exenciones y los privilegios tanto estamentales como territoriales.
<i>Ejército</i>	La oficialidad casi monopolizada por los nobles. Ejército profesional.	Ejército popular, posibilidad de oficialidad por mérito. Obligatoriedad del servicio militar: ejército popular. Creación de la milicia nacional.
<i>Educación</i>	No se entiende que sea una obligación del Estado.	Se establece que el Estado asegurará que todos los niños tendrán escuela.
<i>Religión</i>	La católica	Se mantiene la católica como religión del Estado.

As Cortes de Cádiz realizaron un intenso labor legislativo. Ademais da Constitución, promulgada en 1812, elaboraron numerosos decretos polos que se eliminaban as estruturas e os fundamentos xurídicos do Antigo Réxime e se establecía un novo modelo político, administrativo, social e económico inspirado nos principios ideolóxicos do liberalismo. Entre estes decretos destacan:

A proclamación da soberanía nacional e a separación de poderes (1810)

Foi a primeira medida que tomaron os deputados de Cádiz, establecendo unha nova lexitimidade política: fronte á soberanía real de orixe divino, proclamaron a soberanía nacional, soberanía que residía nas Cortes porque elas representaban a nación española; fronte ao poder absoluto defenderon a separación de poderes.

*Os deputados que compoñen este Congreso, e que representan á nación española, decláranse lexitimamente constituídos en Cortes xerais e extraordinarias e que reside nelas a soberanía nacional. As Cortes (...) recoñecen, proclaman e xuran de novo polo seu único e lexítimo rei ao señor don Fernando VII de Borbón; e declaran nula, de ningún valor nin efecto a cesión da Coroa que se di feita a favor de Napoleón, non só pola violencia que interveu naqueles actos inxustos e ilegais, senón principalmente por faltarlle o consentimento da nación. Non convindo queden reunidos o poder lexislativo, o executivo e o xudicial, declaran as Cortes xerais e extraordinarias que se reservan o exercicio do poder lexislativo en toda a súa extensión. As Cortes (...) habilitan os individuos que compoñían o Consello de Rexencia para que (...) exerzan o poder executivo. **CORTES DE CÁDIZ. Decreto I. 24-9-1810** [castelán]*

A abolición dos señoríos xurisdicionais e dos privilexios de orixe feudal (1811)

A xustiza, que ata entón estaba en mans da nobreza e da Igrexa, pasou ao Estado. No entanto, o decreto distinguía entre os señoríos xurisdicionais, que quedaban anulados, e os territoriais, que eran recoñecidos como propiedade privada. En xeral, a abolición dos señoríos xurisdicionais non afectou os dereitos dos nobres sobre a propiedade da terra, senón que, incluso naqueles casos nos que os dereitos eran confusos, lograron ampliar a propiedade territorial.

O conxunto dos decretos e reformas das Cortes de Cádiz aboliron legalmente o Antigo Réxime, polo que son consideradas como revolucionarias. Pero as masas populares, que constituían a maioría da poboación, viron esas reformas como estrañas e deron crédito ás prédicas dos eclesiásticos, que as presentaban como atentatorias contra a relixión e os costumes tradicionais.

A Constitución de 1812

Coñecida popularmente como A Pepa porque foi aprobada o 19 de marzo de 1812 (aniversario do recoñecemento como rei de Fernando VII), a Constitución recollía o espírito e as ideas liberais que establecían un novo modelo político baseado na:

- **Soberanía da nación**, entendida como soberanía popular. O pobo é o posuidor do poder, poder que exerce por delegación nos seus representantes elixidos mediante sufraxio universal masculino indirecto tanto para a elección dos deputados a Cortes como dos alcaldes e rexedores dos concellos.

- **Monarquía como forma de goberno**, pero unha monarquía na que o poder do rei estaba limitado e restrinxido a unhas determinadas funcións recollidas na Constitución.

- **Separación de poderes:**

- Poder executivo exercido polo monarca que é, ao mesmo tempo, xefe de Estado e de goberno.

- Poder lexislativo exercido polas Cortes e o monarca. As leis son elaboradas polas Cortes, pero para que sexan efectivas teñen que ser sancionadas e promulgadas polo monarca, que tamén dispón de veto suspensivo. As Cortes están formadas por unha soa cámara, e teñen preeminencia sobre o monarca.

- Poder xudicial exercido polos tribunais de xustiza.

- **Defensa dos dereitos e liberdades dos cidadáns.** Espallados ao longo de toda a Constitución aparecen recollidos: o recoñecemento da liberdade, especialmente a de opinión e imprenta; a igualdade de todos ante a lei e ante as cargas do Estado sexan estas fiscais (pago proporcional á riqueza) ou militares (servizo militar obrigatorio); recoñecemento da propiedade privada individual como un dereito básico garantido polo Estado. Para asegurar a orde pública e a defensa das liberdades e da Constitución creábanse as Milicias Nacionais.

- **Unitarismo e centralismo político.** Fronte á diversidade lexislativa e administrativa do Antigo Réxime, impónse unha única lexislación que eliminaban os particularismos dos antigos reinos e privilexios forais.

- **Catolicismo de Estado,** declarando a relixión católica como oficial e única autorizada.

En síntese: trátase dunha Constitución revolucionaria, por canto alteraba as bases políticas e sociais e tiña como obxectivo abolir o absolutismo monárquico establecendo un réxime baseado na separación de poderes que substituíu a soberanía real pola dos cidadáns. Porén facía concesións ao tradicionalismo, como a ausencia dunha declaración de dereitos ordenada e sistemática e a intolerancia relixiosa que consagraba o catolicismo de Estado, debido ao sentimento nacionalista católico e antinapoleónico, dominante na época.

<i>No nome de Deus todopoderoso, Pai, Fillo e Espírito Santo, autor e supremo legislador da sociedade. As Cortes xerais e extraordinarias da nación española (...) decretan a seguinte Constitución (...):</i>
<i>Art.1. A nación española é a reunión de todos os españois de ambos hemisferios. (...)</i>
<i>Art.3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais. (...)</i>
<i>Art.4. A nación está obrigada a conservar e protexer (...) a liberdade civil, a propiedade e os demais dereitos lexítimos de todos os individuos que a compoñen. (...)</i>
<i>Art.8. Tamén está obrigado todo español, sen distinción ningunha, a contribuír en proporción dos seus haberes para os gastos do Estado. (...)</i>
<i>Art.12. A relixión da nación española é e será perpetuamente a católica, apostólica, romana, única verdadeira (...) e prohibe o exercicio de calquera outra.</i>
<i>Art.14. O goberno da nación española é a monarquía moderada hereditaria.</i>
<i>Art.15. A potestade de facer leis reside nas Cortes co rei.</i>
<i>Art.16. A potestade de facer executar as leis reside no rei.</i>
<i>Art.17. A potestade de aplicar as leis en causas civís e criminais reside nos tribunais.</i>
<i>Art.131. As facultades das Cortes son: Propoñer e decretar as leis (...). Fixar os gastos da Administración pública (...) Establecer anualmente as contribucións e impostos (...) Protexer a liberdade política da imprenta (...) Facer efectiva a responsabilidade dos Secretarios de Despacho</i>

Constitución española. 19-3-1812 [castelán]

Imaxes : WikiCommons (Dominio Público)